

## ACTA DA ASEMBLEA ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 18.06.2018

Nas dependencias do “Eurostar San Lázaro” de Santiago de Compostela, reúnese a Asemblea Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto, o día 18 de xuño de 2018, baixo a presidencia de D.Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que é da mesma D<sup>a</sup> Susana Fernández Fiuza. Asisten os membros que se relacionan ao final da presente. Dá comezo en segunda convocatoria coa orde do día que se indica:

1. Reconto dos membros asistentes
2. Aprobación da acta da sesión anterior.
3. Informe do presidente
4. Modificación dos Estatutos.
5. Modificacións dos Regulamentos Xeral e Disciplinario da FGB para a tempada 2018/19, aprobadas por la Comisión Delegada.
6. Aprobación Normas para Competicións Oficias da FGB para a tempada 2018/19, aprobadas polo Comisión Delegada.
7. Aprobación do Calendario de Actividades 2018-19.
8. Contas anuais e liquidación do Orzamento do Exercicio 2017.
9. Orzamento de Exercicio 2018.
10. Ratificación dos Comités de Competición e Apelación.
11. Rogos e Preguntas.

Abre a sesión o Presidente na segunda convocatoria dando por constituída a Asemblea sendo as 17,30 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto da orde do día.

### 1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 25 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

### 2. Aprobación da acta da sesión anterior:

A Secretaria informa aos asistentes que o acta está aprobada o non haber ningunha impugnación a mesma nos 30 días seguintes a súa remisión, tal e como recolle o Artº 63 dos Estatutos da FGB.

### 3. Informe do presidente:

O Presidente diríxese aos presentes e indica será breve e logo os diferentes responsables de áreas o farán máis en profundidade.

Chegamos ao remate da temporada 2017 – 2018, un ciclo competitivo que deixa tras de si numerosas rutas a seguir e feitos conqueridos dos que sentirse ledos.

Deixamos hoxe atrás unha temporada que supuxo, entre outros, os éxitos do Ensino Lugo co seu ascenso á Liga Feminina; de CB Breogán facendo o propio á Liga Endesa; ou o papel impecable de Universitario Ferrol en LF ou de Celta de Vigo na segunda categoría desta LF e no Campionato de España Júnior, con medalla de Bronce incluída.

Estes éxitos, xunto ao bo facer dos nosos colexiados cada fin de semana nas pistas de toda Galicia e do resto de España, foron o recoñecemento perfecto a o traballo que durante 12 meses se realiza no Baloncesto Galego, tanto por parte dos clubs como da propia Federación e as súas Delegacións zonais.

Todos xuntos penso que debemos seguir encamiñados a poder e comunicarnos e dialogar de cara a obter o mellor escenario posible para a práctica do noso deporte en Galicia.

### Area Deportiva

Nesta 2017 – 2018 podemos realizar un positivo balance do curso baloncestístico. Dende a competición dos máis pequenos, o Babybasket; que viviu a súa consolidación; ata o progreso de categorías como as Preinfantís, evidencia que a nosa saúde goza de bo ritmo, a pesares, por suposto, de ter sempre en mente xestionar de xeito eficaz para mellorar os obxectivos comúns.

Teño que resaltar unha temporada máis a nosa aposta pola organización dos Campionatos de España Infantís de clubs FEB, neste caso dobrando esforzos para levalos a Pontevedra e Marín, de man dos concellos e clubs locais.

Esto volve a ser o maior síntoma da nosas ganas de que o baloncesto de formación teña en Galicia unha referencia indubidable, e que a mesma sirva de espello para a nosa propia evolución no basket de formación.

Un apartado do que sentirse moi orgullosos. Seguimos a traballar por ser referente formativo a nivel nacional, ofrecendo numerosas oportunidades didácticas do máis alto nivel, xa sexa en formato de charlas, clínicas ou xornadas de convivencia. Mostra disto son os recentes e exitosos “VII Claustro Docente FGB”, celebrado en Carballo; e o “Día do Adestrador”, vivido en A Coruña.

No horizonte ademais, todo un proxecto do máis ilusionante, a posta en marcha do Ciclo Inicial de Grado Medio, o cal naceu neste mes de xuño e será a punta de lanza formativa nesta nova temporada que hoxe comeza. Todo grazas á colaboración do Colexio Manuel Peleteiro e dos seus responsables.

### Area Arbitral

Aunamos esforzos por seguir aumentando a base do colectivo, ampliando o noso rango de cursos, tanto presenciais como a nivel “on line”, e revitalizando aqueles aspectos formativos precisos para os colexiados máis novos.

Seguimos adiante tamén coa Escola Galega de Árbitros (ESGAR) e agardamos poder consolidar e facer máis forte a estrutura do Comité Galego nesta 2018 – 2019.

## Area Xeral-Administración

A temporada 2017 – 2018 supuxo un punto de inflexión neste apartado. Activamos un renovado programa de xestión que entendemos que facilita e facilitará o día a día das cuestións administrativas que as competicións precisan. Camiñamos tamén para, nun breve prazo de tempo, activar aplicacións e solucións dixitais para as actas.

### GRATITUDE

Institucións públicas e sponsors non poden deixar de ter o seu espazo importante cada temporada. É de xustiza agradecer a súa colaboración e apoio ao noso Baloncesto, tanto no día a día como en eventos puntuais. A súa intervención permite, non en poucas ocasións, materializar proxectos e actividades. Un ano máis, grazas a todos eles.

E, por suposto, a miña gratitude sempre para con todos os clubs independentemente da súa procedencia ou categoría. Eles, en global e en particular, son os verdadeiros artífices de que a familia do Baloncesto Galego sexa valorada deportiva e socialmente como se merece.

Como peche de temporada, e considerándoo tamén imprescindible; remitir o noso agradecemento, tanto meu como da miña xunta directiva, ao persoal FGB. Incansables cada temporada traballando a prol do noso deporte.

### Informe Comité Arbitros

Miguel Angel Pérez, toma la palabra e fai un pequeno resumo das actividades do comité de Arbitros que os asistentes poden ver na Memoria de Actividades da FGB que se pode ver na Web da Federación. Asímesmo informa dos seguintes puntos:

- Os árbitros galegos que asistiron as Fases Finais dos Campionatos de España .
- Clínicos Autonómicos: Setembro e Decembro.
- Xornadas Técnicas Formativas.
- Formación contínua.
- Cursos de Formación On Line.
- ESGAR.
- Participación dos árbitros galegos a nivel internacional.
- Campaña de captación de árbitros e oficiais novos.

Problemática da dispoñibilidade dos árbitros e oficiais de mesa

### Informe Sinistralidade Seguro.

Toma a palabra a Secretaria Xeral e informa os asistentes sobre a preocupación pola subida da sinistralidade. Falaremos cos datos da temporada 16-17 que xa está casi totalmente pechada en canto a sinistros.

Na temporada en cuestión tivemos 864 sinistros o que representa un coste medio por sinistro de 435, 84 €. O 25% do gasto que ten a compañía aseguradora son de sinistros de máis de 3.000€, e se concentran en poucos clubs. En varios casos o índice de gasto/licenza sinistro é alarmante.

Con respecto a esta temporada e a data 20/04/18 as categorías que máis sinistralidade seguen tendo son a Junior e a 3ª división.

Informa tamén de que os datos por clube pódense solicitar por mail e se dará o gasto por sinistro.

Tamén informa que cos datos desta temporada 17-18 a data de 20/04/18 xa levamos 414 sinistros. Ante estos datos a FGB está negociando coa compañía de seguros para que a subida sexa a menos posible.

### Informe Area Deportiva

Carlos Colinas toma a palabra e fará un reflexo do que houbo nesta temporada.

As competencias da área deportiva son:

- 1.- Preocupación da tecnificación dos xogadores/as dende os CETIS (entendendo que o traballo diario depende dos clubs).
- 2.- As seleccións autonómicas: participación nos campionatos cadete, infantil e Minibasket.
- 3.- Area adestradores: preparación cursos, formación contínua, profesorados etc.

Tamén informa sobre o seguinte:

- Realización de Cetis zonales de categoría Minibasket, Infantil e cetis de promoción.
- Realización de Cetis de Tecnificación autonómicos de categorías Infantil, Minibasket, e Cadete.
- Realización do All Star categoría Pre-Infantil en Marzo.
- Xornadas de Mellora Técnica de Xogadores/as en Tui. Para nenos/as 2004-2008.
- Preparación das seleccións autonómicas Cadete, Infantil e Minibasket, cun total de 68 xornadas de traballo e 12 adestradores.
- Interacción ca Area de Salud: recoñecementos médicos a tódolos integrantes das seleccións galegas. Presencia de Fisioterapeutas nos adestramentos.
- Convenio inter-federacións para torneos preparatorios dos Campionatos de España de Seleccións con País Vasco, Castilla-León e Madrid.
- Os resultados das seleccións.
- Cursos de adestradores: 6 de iniciación con 150 alumnos.
- Formación continua para adestradores: "Aula formativa do adestrador", cun total de 8 charlas técnicas.
- Realización dos Claustros Docentes FGB en Sarria e Carballo, este último o primeiro con carácter internacional
- Pequebasquet de Carballo
- Colaboración con entidades e clubs para o apoio das iniciativas de formación de adestradores.
- Xornada de Harmonización
- Xuntanza Minibasket e Preminibasket.
- Jamboree de Minibasket de Clubs.
- I Día do Adestrador Galego, celebrado en Coruña.

### 4. Modificacións dos Estatutos

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día se remitiron as modificacións os Estatutos, neste caso o artigo 46, non se recibiu ningunha emenda polo que se dan por aprobadas tal e como indica o artigo 192 do Regulamento Xeral da FGB.

#### **5. Modificacións dos Regulamentos Xeral e disciplinario da FGB 18/19.**

A Secretaria indica aos asistentes que no seu día se remitiron as modificacións o Regulamento Disciplinario, neste caso o artigo 23, non se recibiu ningunha emenda polo que se dan por aprobadas tal e como indica o artigo 192 do Regulamento Xeral da FGB.

#### **6.- Aprobación Normas para Competicións Oficiais da FGB para a tempada 2018 -2019, aprobadas pola Comisión Delegada.**

A secretaria informa que das emendas presentadas

- Artº 1.1 presenta a emenda D<sup>a</sup> Susana Arca Pichel a Comisión Delegada acordou absterse neste artigo. Se informa que a aprobación deste artigo irá conxuntamente coa emenda ó artigo 12. Procédese o seu debate e pásase a votación:  
Votos a favor: 15                      Votos en contra: 2                      Abstencións: 8  
Queda aprobada a emenda.
- Artº 3.6 presenta a emenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade.
- Art 4.6 presenta a emenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade.
- Art 4.4 presenta a emenda D. Francisco Martín Micó está asumida pola Comisión Delegada.  
Procédese o seu debate e pásase a votación:  
Votos a favor: 23                      Votos en contra: 2                      Abstencións: 0  
Queda aprobada emenda.
- Artº 6.6 presenta a emenda D. Jorge López Mosquera, está asumida pola Comisión Delegada. Apróbase por unanimidade.
- Artº 7/8 presenta a emenda D. Lino Vázquez Sánchez, no nestá asumida pola Comisión Delegada. Procédese o seu debate e pásase a votación:  
Votos a favor: 7                      Votos en contra: 11                      Abstencións: 7  
Queda rexeitada a emenda.
- Artº 8.5/10.5/12.5/16.5/18.5 presenta a emenda D. Lino Vázquez Sánchez. Procédese o seu debate e pásase a votación:  
Votos a favor: 1                      Votos en contra: 18                      Abstencións: 6  
Queda rexeitada a emenda.
- Artº 19 presenta a emenda D. Lino Vázquez Sánchez. Procédese o seu debate e pásase a votación:  
Votos a favor: 4                      Votos en contra: 10                      Abstencións: 11  
Queda rexeitada a emenda.

## **7.- Aprobación do calendario de Actividades 2018-19.**

Por parte da Secretaria se informa que se remitiu no seu día o calendario de actividades da FGB. Este calendario poderá modificarse a lo largo da temporada. Tamén se informa que no mes de abril remitiuse a circular Nº 22 na que se especificaba as novas directrices do seguro do xogade. Tamén as pautas a seguir para que calquera torneo organizado por un club puidera estar dentro do calendario de actividades da FGB.

Procédese a votación: apróbase por unanimidade.

## **8.- Contas anuais e liquidación do orzamento de exercicio 2017**

Antes do comezo da exposición e explicación das contas do exercicio 2017 por parte o Tesoureiro indica aos asistentes que as contas do exercicio indicado están Auditadas, e informa que se lle remitiu a tódolos asembleístas o informe do mesmo así como as contas anuais.

Seguidamente o Tesoureiro explica aos asistentes as contas, así como a liquidación de exercicio 2017. Fai un percorrido por todas as partidas que compoñen este capítulo, do que todos os asembleístas teñen coñecemento e que se lles enviou xunto a convocatoria da asemblea.

Pásase a súa votación:

Votos a favor: 23

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

Quedan aprobadas as contas do exercicio 2017.

## **9.- Orzamento de Exercicio 2018.**

O Tesoureiro explica aos existentes que o Orzamento do 2018 xa foi aprobado na Asemblea Extraordinaria de decembro do 2017, para dar cumprimento a Lei do Deporte de Galicia.

## **10.- Ratificación dos Comités de Competición e Apelación .**

O Presidente informa aos asistentes que para a tempada 2018/2019 ratifica nos seus cargos aos responsables actuais dos Comités Xurisdicionais da Federación: D. Juan Rey Couselo no Comité de Competición e Dona. Mercedes Salmonte Couso no Comité de Apelación.

Pasase a súa votación:

Votos a favor: 22

Votos en contra: 0

Abstencións: 3

Apróbase a ratificación dos nomeamentos dos Comités de Competición e Apelación.

## **11. Rogos e Preguntas.**

A secretaria informa do sistema a seguir para este punto de rogos e preguntas no que se fará dos roldas de preguntas.

Tamén informa que a entrada da asemblea se lles entregou un pen no que está a seguinte documentación: Memoria de Actividades, informe de auditoría e contas anuais; orzamento;

modificacións o Regulamento Xeral e Disciplinario; proxecto de bases de competición 2018-19.

D. José Valeiras fai unha pregunta que nesta temporada nos partidos de 2ª divisiones só foi un árbitro y si se vai facer algo o respecto. Contesta o director arbitral que como informou antes se fixeron cursos on line e presenciales, si ben e certo que na Coruña houbo un número baixo de arbitros e oficiais esta temporada. No número de encontros na Coruña cun solo árbitro foi de 475. Si ben esta temporada temos o número máis alto de árbitros de fai moitas temporadas non chegan para cubrir todos os encontros, temos que perseverar e seguir traballando no sentido de aumentar este número así como fidelizar os que temos.

D. José Valeiro indica que se deren datos como que hai 604 árbitros cun incremento do 20% referente o ano anterior.

D. Miguel A. Pérez, indica tamén que ademáis se fan acciones para premiar a disponibilidad dos árbitros. Tamén está aberto a que si calquera persoa ten algunha idea máis para incrementar o número de árbitros a faga chegar. Tamén indica que o máximo incremento foi no último tramo da competición, e o que debemos intentar é que se fagan o comezo da temporada.

Tamén infórmase por parte da Secretaria Xeral e do Presidente da implantación dunha APP da FGB na que poderán ver resultados e clasificacións en tempo real. Tamén que sobre o programa de xestión deportiva que abrirá o apartado para clubs e permitirá que estos vexan a súa conta en tempo real. Nesta temporada comezaremos coas probas da Acta dixital. Sobre estes temas se irán presentando nas reunións de calendarios das distintas delegacións.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.06 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

### **Relación de Asistentes**

A.D. Cortegada (Ricardo López Rodríguez)  
E.D.M. Estradense (José L. Renda Bellet)  
C.B. Setentas (Alberte Zato y Gómez de Liaño)  
C.B. Defensores do Morrazo (José Luis Pérez Pérez)  
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)  
C.B. Artai (Jorge López Mosquera)  
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)  
C.B. San Pelayo (Jesusa Archa Pichel)  
C.B. Basquet Coruña (Juan C. Fernández Herrero)  
C.B. Arxil (Lino Vázquez Sánchez)  
FE.DE.SA (José Montero García)  
C.B. Acea da Ma Fundación (David Castañón Gadea)  
C.B. Condado (Francisco Seijo Rodríguez)  
C.B. Santo Domingo Betanzos (José M. Valeiro Iglesias)  
C.B. Noia (José R. López Campos)  
C.B. Cia. María Santiago (Paula Couto Feteira)  
Porriño Bto. Base (José Ruiz Juane)  
C.D. Porta XI (Catarina Pollini)  
Francisco Guillamet Noya (Arbitros)

David Guillán Riveiro (Arbitros)  
José A. Vázquez Vázquez (Xogador)  
Juan Carlos Ares Méndez (Xogador)  
Luis Fores Mayán (Xogador)  
Carlos Colinas Morán (Adestradores)  
Francisco Martín Micó (Presidente)

### Relación de Invitados

José M<sup>a</sup> Dios Diz (C.B. Fontiñas)  
Carlos López Cachaza (C.Basquet Coruña)  
Jenaro Alonso Suárez (Porriño Bto.Base)  
Noelia Rodríguez López  
Enrique Alvarez-Osorio

VºBº O PRESIDENTE.

